



INSTRUCCIÓN PARA SOLICITAR A AUTORIZACIÓN DE ACCESO AO ILLOTE AREOSO

Realizarase unha solicitude de autorización de acceso ao illote para cada embarcación que vai a fondear ou atracar, e para os visitantes que nesa embarcación irán a desembarcar no Areoso. Este proceso realizarase nas seguintes 4 pantallas:

- 1) **Datos de reserva:** un solicitante debe solicitar o acceso ao illote, primeiro elixira unha de entre os 3 tipos de embarcacións posibles que se despregan no cadro correspondente :
 - A. Atraque con embarcación con motor (10 prazas por quenda en tempada alta e 2 en tempada baixa): elixirase unha embarcación con motor coa que se achegará ao illote
 - B. Atraque con embarcación sen motor (12 prazas por quenda en tempada alta e 3 en tempada baixa): elixirase unha embarcación sen motor coa que se achegará ao illote
 - C. Fondeo (20 prazas por quenda en tempada alta e 10 en tempada baixa): elixirase unha embarcación a fondear, para despois achegarse ao illote cunha embarcación auxiliar, se esta embarcación non volve ao barco de fondeo tras deixar os visitantes no illote, debera obter outra autorización de atraque para esta embarcación. No caso que o solicitante só desexe estar fondado sen que ningunha persoa desembarque no illote, deberá marcar que polo menos que unha persoa visitará o illote.
 - Tras elixir o tipo de embarcación, elixiremos:
 - 1) A quenda, entre as 3 dispoñibles
 - 2) O número de persoas que visitaran o illote
 - 3) A data na que se pretende facela visita

Tras elixir todos os datos da reserva (tipo de embarcación, quenda, nº de visitantes e data) debemos marcar o cadro no apartado no que se indica que se coñece e se aceptan as condicións, pulsando en "*Continuar*".

- 2) **Datos do solicitante:** debemos cubrir os seguinte datos da persoa solicitante:

- Datos persoais: Nome, 1º apelido, 2º apelido, tipo de documento, Nº de documento, se o solicitante asistirá á visita ao illote, sexo e o ano de nacemento
- Domicilio: País e dirección postal
- Datos de contacto: correo electrónico (2 veces) e teléfono
- Datos xerais dos visitantes: País, provincia e localidade

Para avanzar ao terceiro apartado continuaremos pasando de pantalla dándolle ao cadro de "*Datos visitantes*".

- 3) **Datos de visitantes:** debemos cubrilos datos de tódolos visitantes que iran ao illote na embarcación desta solicitude, se o solicitante vai a ir ao illote os seus datos xa estarán cubertos. Os datos obrigatorios a cubrir neste apartado para



cada visitante son: Nome, 1º apelido, sexo, ano de nacemento, tipo de documento e número de documento.

Para confirmar a solicitude, debemos pulsar no cadro que pon "*Finalizar*" e pasaremos á última pantalla.

4) Confirmación: Xa temos a solicitude confirmada, aparecerá o seguinte texto: " A súa solicitude finalizou correctamente, prema no seguinte enlace para descargar a súa autorización: Descargar. O localizador da súa autorización é: AREOSOYXXXXXXXXX.

Pulsando sobre "*Descargar*" podemos gardar ou imprimir o PDF da autorización ou tamén podemos gardar o código do localizador.